

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xullo de 2022**

Ás 17.00 horas do día 21 de xullo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana M.^a Villarino Pardo

D. César Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Ana Patricia Torres Madureira (substituída por dona Ana M.^a Villarino Pardo)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de xuño de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 16 de xuño de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO DESMANTELAMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO TERRESTRE EN OURENSE E GALIZA.-

D. Bernardo Varela López, do BNG, dá lectura ao contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Novoa, deputada non adscrita, anuncia a reserva de voto para o Pleno.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que en termos xerais está de acordo coa moción, en particular coa reclamación da paralización do anuncio da supresión de 23 paradas na provincia. Engade que en todo caso, ao ser a proposta de resolución de 12 puntos, uns xerais e outros con máis detalle, estudarán con detemento a moción e reservan o voto para o Pleno.

A **presidenta da comisión** anuncia que en termos xerais tamén lles parece razoable a moción, en particular a reclamación contra a supresión de 23 paradas e di que hai que insistir en reclamar que se paralice. En todo caso, dada a extensión da moción, reservan o voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que evidentemente é moi importante a reclamación contra a supresión de 23 paradas na provincia, pero que a reivindicación debe ir máis alá, de aí a extensión da moción. Lembra que nos últimos anos se suprimiron distintos servizos públicos tanto por ferrocarril como por estrada e que cada vez, os cidadáns desta provincia, temos menos alternativas para desprazarnos e o único que nos queda en moitos casos é coller o noso vehículo particular. A todo isto hai que sumarlle o prezo dos combustibles e o anuncio de novas peaxes nas autovías. A moción debe considerarse como un todo, porque nos últimos anos temos moito perdido e vai máis alá da reclamación concreta contra a supresión das 23 paradas.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que se trata dun debate moi interesante e pon como exemplo a inexistencia de transporte metropolitano na Comarca de Ourense e que resulta incomprensible que este non exista a día de hoxe. Lembra como o alcalde de Pereiro de Aguiar, na súa toma de posesión, sinalaba que esta ía ser a reivindicación máis importante neste mandato. Indica que para solucionar os problemas de mobilidade deben sumarse as reivindicacións á Xunta de Galicia e ao Estado.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a que en atención ao articulado do propio Anteproxecto da Lei de mobilidade sostíbel, debe recollese con carácter previo á supresión das 23 paradas prevista no NMC, as solucións de mobilidade sostíbel, pública e de calidade para os habitantes destes e do resto dos concellos galegos especialmente os dos contornos rurais, e os seus visitantes.

2º.- Instar ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao mantemento das liñas de transporte público por estrada del dependentes actualmente e as súas paradas, e ao estudo de novas rutas pola súa banda e pola da Xunta de Galiza complementarias con estas, que permitan a mellora da mobilidade en medios de transporte público comunitarios para os veciños e veciñas.

3º.- Instar ao Goberno do Estado a que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na futura “Lei de mobilidade sostíbel” explicita claramente a aposta polo transporte público de viaxeiros, adecuado ás necesidades de Galiza.

4º.- Instar ao Goberno do Estado á transferencia á Xunta de Galiza da xestión das paradas e adaptación das frecuencias en territorio galego.

5º.- Demandarlle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o mantemento das liñas de transporte e as súas frecuencias nas condicións en que se prestaban antes da recente aprobación do “Plan de Transporte Público de Galicia”, ou a darlles solucións alternativas aos usuarios que as estaban a empregar nas mesmas condicións de frecuencias e custos. 6º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a recuperar o tren das

6.45 entre Ourense e A Coruña, que aínda non foi recuperado e continúa xerando graves consecuencia ao estudantado e traballadores e cuxas consecuencias en cuestión de cohesión territorial e social xa estamos a padecer.

7º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a priorizar as demandas das declaracións institucionais da Deputación de Ourense do mes de outubro “sobre a problemática do ferrocarril na provincia de Ourense” e a declaración institucional “en defensa do ferrocarril público e social” nas que se demanda a recuperación de frecuencias, persoal, melloras de infraestruturas e a promoción de trens de proximidade, así como a recuperación de estacións para ofertarlles un servizo público digno e de calidade aos cidadáns e articular o noso territorio.

8º.- Instar á Xunta de Galiza a que asuma todas as competencias en materia de ferrocarril interior e ao Estado a realizar a dotación orzamentaria precisa para isto, tal como se fixo noutros territorios do Estado. Para isto instamos a creación dunha operadora ferroviaria pública galega “Galtren” a través da cal pór en marcha un servizo de trens de proximidades, recuperando as liñas abandonadas, mantendo e aumentando liñas, frecuencias e paradas, e creando novos apeadeiros en zonas de crecemento poboacional. 9º.- Instar ao Goberno do Estado a recuperación inmediata das estacións de ferrocarril da Rúa/Petín e O Barco de Valdeorras e atención presencial en ambas estacións.

10º.- Instar ao Mitma á posta en marcha dunha liña que comunique Valdeorras con Ourense en horarios e frecuencias que permitan unha conexión eficiente e uns desprazamentos en horarios e prezos axeitados para o acceso das e dos valdeorreses á capital provincial e ao conxunto do país.

11º.- Instar ao Mitma a recuperación do Alvia nocturno que conectaba con Barcelona así como do resto de frecuencias e traxectos eliminados de xeito paulatino nos últimos 10 anos.

12º.- Instar a que se execute a variante sur de Vigo que unirá o corredor atlántico galego con Portugal dende Tui e a mellora da liña do Miño para que Ribadavia poida manter a súa estación e darlle servizo ao Ribeiro e comarcas veciñas tanto en servizos de proximidade como en mercadorías e liñas de media distancia.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, reitera dúas preguntas xa formuladas en anteriores comisións. A primeira respecto á ampliación orzamentaria na partida destinada ao programa BenOurense, preguntando se xa se pecharon os novos criterios de reparto e cando se vai facer efectivo.

A **presidenta da comisión** contesta que os técnicos da Área de Benestar están traballando nos ditos criterios, que a día de hoxe aínda non están pechados e que informará da resolución cando finalicen os traballos.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, en segundo lugar, sinala que o 8 de marzo de 2021 a Deputación presentou a APP Voucontigo, despois de 16 meses aínda non se puxo en funcionamento, polo que solicita información sobre este tema.

A **presidenta da comisión** sinala que hai escasos días mantivo unha reunión do director da Área de Transparencia da Deputación e co responsable da empresa. Sinala que a aplicación está practicamente finalizada, se ben, quere introducirse algunha actualización solicitada pola propia Deputación, polo que espera que a ferramenta estea dispoñible nun prazo aproximado de 20 días, e que a demora se debe en todo caso á intención de que se presente o máis actualizada posible. Seguidamente fai unha breve descrición das principais características da aplicación, esperando que sexa de gran utilidade e que espera que poida presentarse publicamente nas próximas semanas.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.